

Veciñanza

*Liga de  
Carreiras  
Populares de  
Cuntis*

proposta de dinamización cultural e turística mediante o deporte



setembro de 2018

## **Introdución e obxectivos**

Entendemos o deporte como un dinamizador social que vai moito máis alá da actividade física. Nas súas diversas expresións, representa mobilización e vínculo comunicador entre as persoas. O deporte é parte importante das opcións de lecer que moitos e moitas de nós eliximos, así como todas as razóns de coidado físico e da saúde que adoita conlevar. É responsabilidade das administracións públicas actuar como dinamizadoras da práctica deportiva, non só no tocante ao ámbito da saúde senón tamén aproveitándoo como elemento de dinamización social. Ademais, tal e como presentamos nesta proposta, empregándoo como elemento de difusión das nosas riquezas paisaxísticas e patrimoniais.

O traballo da administración local en materia deportiva debe ir máis alá da pura xestión das instalacións e do apoio ás entidades e clubs que traballan na organización de actividades deportivas. Debe ter un papel protagonista e ser impulsora.

Existen experiencias nas que con mestría se conxuga o deporte coa actividade física e a difusión turística, cultural e paisaxística. Nesta liña, Veciñanza presenta unha proposta a desenvolver pola administración local coa aspiración de enfiar un obxectivo amplo e ambicioso, capaz de apoiarse en varias áreas para lograr diversos obxectivos: o fomento da práctica deportiva e da actividade física, a difusión de elementos do noso patrimonio cultural, a promoción turística e paisaxística do noso municipio e os valores propios do esforzo que caracterizan o deporte tanto na súa cara competitiva como no ámbito da cooperación.

Ademais, figura como obxectivo de primeira orde nesta proposta o achegamento da actividade municipal, en todos os ámbitos sinalados (deportivo, cultural, turístico, patrimonial, etc.), ao rural cuntese.



## **Liga de Carreiras Populares de Cuntis. A proposta**

O atletismo en todas as súas variantes é unha das modalidades deportivas que se atopa máis en auge e que nos últimos tempos gañou máis adeptos/as. A Liga de Carreiras Populares de Cuntis consta dunha carreira en cada unha das parroquias do municipio, culminando coa carreira final na parroquia do Baño. Cómpre establecer as distintas categorías e, en función delas, as dificultades de cada trazado. Podería ter unha periodicidade non inferior á mensual e cumpriría contar cunha acertada difusión para captar o maior número de participantes posibles.

Elaborarase un circuíto en cada parroquia que discorra, na medida do posible, polas proximidades daqueles elementos patrimoniais, etnográficos e paisaxísticos máis relevantes. A promoción do aspecto cultural constituirá un aliciente semellante ao da propia actividade física.

O cómputo dos tempos en cada un dos circuítos parroquiais, incluíndo o último correspondente ao centro da vila, sumarase para configurar unha clasificación final. A competición desenvolverase a xeito de liga, en base aos criterios técnicos máis oportunos en función do asesoramento de profesionais do atletismo.

Corresponderalle ao Concello de Cuntis a organización da proba, a determinación da periodicidade e todos cantos criterios sexan necesarios para o desenvolvemento da mesma. Asumirá a promoción tanto do evento en si mesmo como dos obxectivos que pretende: a difusión do patrimonio –cultural, etnográfico, paisaxístico, etc- mediante os formatos que se estimen oportunos –folletos, web, libros, apps, etc.-. Encargarase da seguridade e da procura da colaboración de expertos/as que poidan asesorar nesta materia, así como de xuíces deportivos, etc.



## Conclusións

O deporte como canle de promoción turística é unha aposta que arroxa resultados positivos. Malia isto, é unha proposta novidosa que require dun inxente e preciso traballo de organización, pero sobre todo, de difusión. É necesario un importante labor á hora de comunicar en que consiste a proposta para que o aspecto deportivo non eclipse a pretensión de promoción turística, patrimonial, etc. nin viceversa. Necesítase un salientable coñecemento do territorio e das posibilidades que ofrece para a elaboración dos circuitos.

A pretensión non é sumar varias carreiras illadas sen vínculo entre si. Moi ao contrario, o traballo de organización e promoción da iniciativa debe centrarse en crear ese fío condutor que exprese que se trata de algo máis que unha serie de carreiras populares.

Desenvolver actividades no entorno rural contribúe a dinamizar socialmente tanto aquelas aldeas polas que discorre a proba como a amosar o atractivo que presentan. É fundamental a implicación veciñal, orientada ao obxectivo de facer súa –dos veciños e veciñas de cada parroquia- a proposta.

Cómpre deseñar tamén atractivos que incrementen o interese pola iniciativa, e estes non deberan ser exclusivamente recompensas para a parte deportiva. A posta en valor tanto do patrimonio como da paisaxe é unha obxectivo prioritario, lembremos, desta iniciativa.

